

CONVOCATORIA ORDINARIA DE PRAZAS DE ALOXAMENTO DO SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O CURSO 2015-2016

(Aprobada polo Consello de Goberno da USC do 27 de marzo de 2015 e polo Consello Social do 16 de abril de 2015)

Co obxecto de dar cumprimento ao Título Segundo do Regulamento do Servizo Universitario de Residencias (SUR), o Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela aproba a convocatoria de prazas de aloxamento para o curso académico 2015-2016.

1. PRAZAS ASIGNADAS A CADA SECTOR

O número total de prazas que se ofertan nesta convocatoria 2015-2016 ascende a 1.071 repartidas por grupos e sectores tal e como se mostra na seguinte táboa:

Sectores	Grupo I Cotas: A,B,C,D,E		Grupo II Cota F		TOTAL PRAZAS
	Nº de prazas	%	Nº de prazas	%	
Estudantes de Grao e de Primeiro e Segundo Ciclo	875	81,70	70	6,54	945
Estudantes de Másteres Universitarios Oficiais	45	4,20	3	0,28	48
Estudantes de Programas de Doutoramento a tempo completo e Investigadores en Formación	35	3,27	6	0,56	41
Estudantes de cursos de Posgraos Propios	4	0,37	1	0,09	5
Membros da comunidade universitaria con necesidades educativas específicas derivadas dunha condición de discapacidade.	20	1,87	7	0,65	27
Persoal docente e investigador e Persoal de administración e servizos	---	0,00	5	0,47	5
TOTAL	979	91,41	92	8,59	1.071

En cada grupo, as prazas de calquera dos sectores que non sexan cubertas por falta de solicitantes ou por renuncias, poderán ser agregadas ás doutro sector. Así mesmo, de non cubrirse o número de prazas ofertadas para o grupo II, estas pasarán a incrementar a oferta do grupo I e viceversa.

2. COTAS E PREZOS

1. En función da Renda Persoal Dispoñible (RPD), calculada segundo figura no punto 6, apartado, 2.1.B), establécense as seguintes cotas e prezos para esta convocatoria.

Cotas e Prezos (9 meses)			
RPD	Cotas	Tipo de Cuartos	
	Tipos	Individual	Dobre Compartida
Ata 2.500 €	A	549,00 €	405,00 €
Entre 2.500,01 € e 3.800 €	B	855,00 €	657,00 €
Entre 3.800,01 € e 5.050 €	C	1.098,00 €	918,00 €
Entre 5.050,01 € e 6.500 €	D	1.413,00 €	1.233,00 €
Entre 6.500,01 € e 8.999,99 €	E	1.935,00 €	1.512,00 €
Desde 9.000 €	F*	2.574,00 €	2.214,00 €

*De aplicación aos bolseiros do Ministerio de Educación Cultura e Deporte co compoñente de residencia.

O importe dos prezos asignados a cada unha das cotas cobren o custo total da estadia durante un período de nove meses a contar dende o día de apertura de curso. A Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social poderá autorizar aos/ás solicitantes a ocupar a praza en períodos distintos dos inicialmente previstos, debendo aboar o/a residente/colexial o importe correspondente ao período solicitado.

2. Especificidades dos distintos sectores:

2. 1. Os/As estudantes de nova admisión poderán solicitar unha praza pertencente ao grupo I ou ao grupo II. No momento no que se publiquen as listas definitivas deberá optar ben por aboar a fianza nunha das modalidades, se está admitido definitivamente, ou ben por permanecer nunha das listas de agarda.
2. 2. Para poder optar a unha praza do grupo I será requisito non estar en posesión ou non reunir os requisitos legais para obter un título do mesmo ou superior nivel ao dos estudos para os que se solicita praza. O resto dos/das solicitantes unicamente poderán optar a unha praza do grupo II.
2. 3. O Persoal Docente e Investigador (PDI) e o Persoal de Administración e Servizos (PAS) só poderán obter unha praza do grupo II e terán dereito a solicitar que se lles adxudique un cuarto individual. De haber máis solicitantes que prazas terase en conta para a adxudicación a data e hora de rexistro que figure na solicitude.
2. 4. Os/as Estudantes de Programas de Doutoramento a tempo completo e Investigadores en Formación só poderán obter prazas das cotas D, E ou F, segundo a súa RPD, e terán dereito a solicitar que se lle adxudique cuarto individual.
2. 5. O estudiantado de Posgraos Propios, só poderán obter prazas de cota E ou F, segundo a súa RPD.
3. O importe da cota poderá sufrir modificacións se o estudiantado é beneficiario da axuda de residencia que o Ministerio concede dentro das distintas convocatorias de bolsas e axudas ao estudo para o curso académico 2015-2016.
4. O prazo para a reclamación das cotas adxudicadas, que terá que ser motivada unha vez feita pública a súa asignación, é de 7 días naturais. Finalizado o mesmo, non se terán en conta novas reclamacións ou alegacións.

A Comisión de Garantías, de acordo co artigo 14 do Regulamento do SUR, será a encargada de resolvelas. Contra a decisión adoptada pola Comisión non caberá reclamación. Ao longo do curso a Comisión de Garantías poderá modificar as cotas adxudicadas para atender situacións excepcionais sobrevidas.

5. Os modelos e o procedemento de solicitude estará dispoñible nos centros do SUR, no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado e na web www.usc.es/sur.

3. INCOMPATIBILIDADES

Segundo as distintas convocatorias de bolsas e axudas ao estudo do Ministerio que ten a competencia nesas materias, a obtención de calquera delas por parte do estudiantado é incompatible con calquera outra que para a mesma finalidade poidan recibir doutras entidades ou persoas publicas ou privadas, polo que os/as beneficiarios/as da axuda de residencia do Ministerio deberán optar entre esta ou as cotas A, B, C, D ou E anteriormente establecidas.

4. QUEN PODE OPTAR A UNHA PRAZA NO SUR?

1. Estudiantado de readmisión e de nova admisión de Grao, 1º, 2º Ciclo, Másteres Oficiais, Programas de Doutoramento, Posgraos Propios e Investigadores en Formación

a) Residentes e colexiais de readmisión.

Considéranse residentes ou colexiais de readmisión os/as estudantes que ocuparon praza no SUR durante todo o curso 2014-2015 e cumpran os requisitos establecidos nesta convocatoria.

Estes/as residentes e colexiais teñen preferencia na adxudicación das prazas e no centro que tiñan asignado, respecto os/as solicitantes de nova admisión.

Tamén se consideran de readmisión:

- Os/as que inicien estudos de másteres universitarios oficiais, de programas de doutoramento, ou sexan nomeados/as investigadores/as en formación e foran residentes ou colexiais durante o curso 2014-2015.
- Os/as que participaron durante o curso 2014-2015 nalgún dos programas de mobilidade nacional ou intercambio internacional, e que foron residentes ou colexiais no curso 2013-2014.
- Os/as que foron residentes ou colexiais no curso 2014-2015 e que por algún motivo xustificadamente abandonaron a residencia/colexio anticipadamente e tiveron dereito á devolución da fianza.
- O estudiantado de cursos de posgrao propios, residentes no SUR durante o curso 2014-2015 por este sector, mentres dure o curso para o que foron admitidos/as.

b) Estudantes de nova admisión

Considéranse estudantes de nova admisión:

b.1. O estudiantado de grao, primeiro e segundo ciclo, másteres universitarios oficiais e posgrao propios, que se matriculen nun centro da USC durante o curso 2015-2016.

b.2 O estudiantado, que reunindo os requisitos de acceso, se matricule nun programa de doutoramento, a tempo completo, durante o curso 2015-2016 e os/as investigadores/as en formación recollidos no artigo 31 dos Estatutos da Universidade.

2. O Persoal Docente e Investigador (PDI) e o Persoal de Administración e Servizos (PAS)

a) Os/as que teñan unha relación laboral ou administrativa coa Universidade e xustifiquen a necesidade de permanecer temporalmente nun centro do SUR.

b) O persoal investigador en xeral, nos períodos en que poidan acreditar a súa pertenza a proxectos de investigación realizados na USC.

5. EXCLUSIÓNS

Ademais dos/das que non cumpran os requisitos esixidos en cada caso nesta convocatoria, non poderán ser admitidos/as os/as residentes/colexiais que:

1. Se lles comprobaran discrepancias entre os datos declarados e os reais nalgunha convocatoria anterior.
2. Non aboaran a matrícula no curso 2014-2015.
3. Permitiron habitualmente o uso parcial ou total do cuarto a outras persoas na convocatoria de verán ou na convocatoria xeral (curso 2014-2015).
Para estes efectos, a dirección do colexio ou residencia iniciará un expediente para acreditar esta circunstancia na que, en todo caso, se dará audiencia á persoa ou persoas afectadas. A resolución será ditada polo director ou directora do centro e contra ela poderá interpoñerse recurso de alzada perante o reitor. En todo caso, e para que teña eficacia, a resolución da dirección deberá ser adoptada con anterioridade ao remate do prazo establecido para a presentación de solicitude de praza para os/as alumnos/as de readmisión. A interposición de recurso non interromperá a súa executividade, de conformidade co artigo 111 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.
4. Cometeron outras faltas graves e foron sancionados/as coa expulsión definitiva durante a súa estadía no SUR.
5. Manteñan cantidades pendentes de pagamento o día 30 de xuño de 2015 en concepto de dereitos de aloxamento, ou sexan reincidentes por dous meses consecutivos sen causa xustificada no atraso do pagamento das cotas.

Así mesmo, o estudantado, os/as investigadores/as en formación e o PDI e PAS perderán o dereito á praza obtida no momento en que perdan a vinculación coa USC.

6. BAREMOS PARA A AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

1. Criterios xerais para avaliación de solicitudes

- Prazas do grupo I:

A asignación de prazas do grupo I farase tendo en conta a puntuación académica e económica dos/as solicitantes segundo figura no apartado 2 deste punto, agás para os/as estudantes de programas de doutoramento e investigadores en formación para os que se terá en conta só a puntuación económica segundo se recolle no apartado 2.1.B). A puntuación total para a avaliación será a suma da puntuación académica e económica que se obteña. En caso de empate na puntuación global de dous ou máis solicitantes, a orde de prelación virá dada polas rendas familiares dispoñibles ordenadas de menor a maior, prescindido da puntuación académica.

- Prazas do grupo II:

Cando o número de solicitudes sexa maior ao de prazas, a asignación de prazas do grupo II para o estudantado de grao, primeiro e segundo ciclo, másteres oficiais, posgraos propios e membros da comunidade universitaria con necesidades específicas derivadas dunha condición de discapacidade, realizarase de acordo coa puntuación académica, segundo se recolle no apartado 2.1.A) deste punto. Nos colectivos restantes terase en conta só a data e hora de rexistro que figure na solicitude.

2. Procedemento para o cálculo da puntuación académica e económica

2. 1. Estudantes de grao, primeiro e segundo ciclo e máster

Os criterios para o cálculo da puntuación académica e económica son os que se especifican a continuación:

A) Puntuación académica:

A. 1. Estudantes procedentes do bacharelato ou de módulos de FP: A súa puntuación académica virá dada pola nota final da fase xeral das PAAU da convocatoria de xuño ou do expediente do ciclo superior de formación profesional, de acordo co seguinte baremo:

Sobresaliente (9,5000 - 10)	3,60
Sobresaliente (9,0000 - 9,4999)	2,70
Notable (8,0000 - 8,9999)	1,80
Notable (7,0000 - 7,9999)	1,35
Aprobado (6,0000 - 6,9999)	0,90
Aprobado (5,0000 - 5,9999)	0,45

A. 2. Estudantes Universitarios: Terase en conta a nota media do seu expediente académico calculada de acordo co establecido na Resolución Reitoral do 3 de outubro de 2011 pola que se ordena a aplicación do "Protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos do 27 de xuño de 2011" de acordo co seguinte baremo:

Media do Expediente de 9,5000 a 10	3,60
Media do Expediente de 9,0000 a 9,4999	2,70
Media do Expediente de 8,0000 a 8,9999	1,80
Media do Expediente de 7,0000 a 7,9999	1,35
Media do Expediente de 6,0000 a 6,9999	0,90
Media do Expediente de 5,0000 a 5,9999	0,45

A.2.1. Estudantes de readmisión: Terán que ter superado no curso 2014-2015 (entre as oportunidades de exame de febreiro, maio e xullo), un mínimo de 42 créditos ou, naqueles casos en que estiveran matriculados en menos de 60 créditos, como mínimo o 75% dos créditos matriculados.

Tendo en conta a relación de centros con modificación do calendario para o curso 2014-2015, os/as estudantes da licenciatura en medicina terán que ter superado no curso 2014-2015 (entre as oportunidades de exame de febreiro e xuño), un mínimo de 30 créditos ou, naqueles casos en que estiveran matriculados en menos de 60 créditos, como mínimo o 50 % dos créditos matriculados.

A.2.2. Estudantes de nova admisión que proveñan de estudos universitarios: O baremo indicado aplicaráselles sempre e cando teñan superado, no curso 2014-2015, o 75 % dos créditos totais nos que estivo matriculado. Se non cursaron estudos durante ese curso académico, este requisito esixirase respecto do último curso realizado.

Os créditos adaptados e validados non se terán en conta para os efectos do cumprimento destes requisitos académicos.

Ata o día 14 de xullo de 2015 e ante o incumprimento dos requisitos académicos, o estudantado poderá presentar as alegacións que estimen oportunas, sempre debidamente acreditadas (causas de saúde, xustificadas co historial médico expedido polo facultativo de familia ou especialista asignado polo servizo público de saúde; motivos familiares, resolucións xudiciais, etc.). As alegacións presentadas fóra deste prazo non serán tidas en conta.

A Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social convocará á Comisión de Garantías que, de acordo co disposto no artigo 14 do Regulamento do SUR, será a encargada de ter en conta e valorar os supostos excepcionais presentados. Asemade, para valorar temas de saúde, poderá contar co asesoramento

dun/dunha profesional da medicina con acreditada experiencia. Contra a decisión adoptada pola Comisión de Garantías non caberá reclamación.

B) Puntuación Económica:

Virá dada pola **renda familiar (RF)**, que se obterá por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia do/da solicitante, determinada de acordo coas resolucións correspondentes do Ministerio que ten a competencia en materia de bolsas.

B.1. Para a admisión:

Teranse en conta as **rendas do exercicio do ano 2013** que se calcularán de acordo cos artigos 14 e 15 da Resolución do 28 de xullo de 2014, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se convocan bolsas de carácter xeral para o curso académico 2014-2015, para estudantes que cursen estudos postobrigatorios (BOE do día 7 de agosto): "a) *Sumarase a base imponible xeral coa base imponible de aforro, excluíndose todos os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais de 2009 a 2012 e o saldo neto negativo de rendementos de capital mobiliario de 2009, 2010, 2011 e 2012 a integrar na base imponible do aforro.* b) *Deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación*".

O resultado final dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. É dicir, a renda persoal dispoñible (RPD) = RF/nº membros computables; sendo a RF:

- Rendas con declaración: cuadrículas: 361+363-365+368+371-370-511, da declaración do IRPF do **exercicio do ano 2013**.

- Rendas sen declaración: ingresos brutos de todo tipo (salarios, rendementos do capital mobiliario, etc.), menos gastos deducibles e retencións do ano 2013.

De acordo coa Renda Persoal Dispoñible asignarase ás solicitudes presentadas a puntuación económica seguinte:

Con RPD ata		2.500 €	4,40 puntos
Entre	2.500,01 € e	3.800 €	3,30 puntos
Entre	3.800,01 € e	5.050 €	2,20 puntos
Entre	5.050,01 € e	6.500 €	1,65 puntos
Entre	6.500,01 € e	8.999 €	1,10 puntos
Con RPD por encima de		9.000 €	0,00 puntos

B.2. Para o cálculo das cotas das prazas do grupo I

No mes de setembro procederase a adxudicar as cotas que teñen que aboar os/as residentes/colexiais. Para iso teranse en conta as **rendas do exercicio do ano 2014** que se calcularán de acordo co procedemento descrito no apartado anterior. Se algún/ha solicitante nese momento tivera unha RPD por encima de 9.000 € pasaría a aboar a cota F.

2.2. Estudantes de programas de doutoramento e investigadores en formación

A puntuación dos/as estudantes de programas de doutoramento e dos investigadores en formación que soliciten prazas do grupo I, virá determinada en todos os casos pola puntuación económica, que será a que lles corresponda de acordo co estipulado neste punto, apartado 2.1.B).

2.3. Estudantes de cursos de Posgraos propios

A puntuación académica para os/as que inicien estudos de posgraos propios virá dada pola nota media da titulación que lle dea acceso aos estudos de posgraos, punto 6 apartado 2.1.A.2). A puntuación económica: calcularase segundo a súa RPD de acordo co recollido no apartado 2.1.B).

7. AUTORIZACIÓN PARA OBTEN DATOS DA AXENCIA TRIBUTARIA

A presentación da solicitude de aloxamento implicará a autorización á Universidade para obter a través das correspondentes administracións tributarias, os datos necesarios para determinar a renda familiar dos membros computables da familia do/da solicitante, así como aquelas outras informacións acreditativas das situacións persoais alegadas e que estean en poder dalgunha Administración Pública, a efectos de obter praza no Servizo Universitario de Residencias. Para iso é imprescindible que as solicitudes sexan asinadas por todos os membros computables da familia.

A autorización que se outorgue na solicitude de aloxamento para o curso 2015-2016 servirá para os anos sucesivos nos que os/as solicitantes permanezan no SUR, sempre e cando non haxa variación na situación familiar coa incorporación de novos membros. De producirse esta variación as novas solicitudes anuais deberán ser asinadas polos novos membros computables da familia.

No caso de que a solicitude de praza de aloxamento sexa formulada por persoas que formen parte de unidades familiares, nas que as Administracións Tributarias non dispoñan de datos, será o/a propio/a solicitante quen deba aportar información fidedigna sobre a situación económica da renda da súa unidade familiar.

Do mesmo modo, si existisen dificultades técnicas que impidan ou dificulten a cesión dos datos por parte das Administracións Tributarias, requirirase ao/á solicitante de praza de aloxamento a presentación do certificado resumo da declaración anual do imposto sobre a renda das persoas físicas ou o certificado de imputacións, de ser o caso, dos membros computables da súa familia.

8. SOLICITUDES, LUGAR DE PRESENTACIÓN E PRAZOS

1. Impresos de solicitude

Os impresos de solicitude de praza estarán dispoñibles en calquera dos colexios maiores ou residencias universitarias que compoñen o SUR, no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado (Pavillón Estudantil, 1º andar - Campus Vida. Santiago de Compostela), na Vicexerencia do Campus de Lugo (Ed. Biblioteca Intercentros, Campus Universitario 27002. Lugo), e na páxina: <http://www.usc.es/sur>.

Os/as que soliciten praza por primeira vez deberán marcar, por orde de preferencia, a totalidade dos centros. De non marcalos a orde de preferencia será fixada polo Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado.

2. Lugares de presentación

Xunto coa documentación requirida no punto 9, todas as persoas poderán entregar a solicitude no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado (Pavillón Estudantil - Campus Vida), na Vicexerencia do Campus de Lugo (Ed. Biblioteca Intercentros, Campus Universitario 27002. Lugo) ou por calquera dos procedementos recollidos no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os/as solicitantes de readmisión poderán presentar a solicitude no centro no que están aloxados.

3. Prazo de presentación

O prazo de presentación abrangue:

Para os **solicitantes de readmisión**: dende o día **1 de maio ao 1 de xuño de 2015** ambos os dous incluídos.

Para os **solicitantes de nova admisión**:

- Con carácter xeral dende o día **1 ao 26 de xuño de 2015** ambos os dous incluídos.

- Os/As solicitantes que cubran á solicitude no formulario web habilitado ao efecto na páxina web do SUR poderán presentar a solicitude **ata o 30 de xuño de 2015**

Presentarase unha única solicitude por sector, persoa e campus.

9. DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACOMPAÑAR ÁS SOLICITUDES

1. SOLICITANTES DE READMISIÓN

Os/as residentes/colexiais de readmisión aos/ás que non lles varíe a súa situación familiar respecto ao curso 2014-2015, unicamente deberán presentar o impreso de solicitude debidamente asinado por todos os membros da unidade familiar.

Os documentos expedidos nunha lingua distinta do galego ou castelán deberán acompañarse coa correspondente tradución.

2. SOLICITANTES DE NOVA ADMISIÓN

Todas as solicitudes deben vir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Copia do NIF/NIE do/da solicitante e de todos os membros computables da familia.
- b) Copia da folia do libro de familia dos/das menores de 14 anos que non dispoñan de DNI.
- c) O estudantado que se incorpora á USC por primeira vez procedente do Bacharelato deberá presentar copia da cualificación das PAAU, e se procede doutras universidades ou dos módulos de FP, copia dunha certificación académica coas cualificacións detalladas por curso.
A copia da cualificación das PAAU poderá achegarse unha vez finalizado o prazo de solicitude.
- d) Certificado de convivencia do Concello no que figuren todos os membros que vivan no domicilio familiar, incluído o solicitante.
- e) Certificado de minusvalía cualificada, cuxo grao debe ser igual ou superior a 33 por 100, dos/das irmáns/irmás maiores de 25 anos.
- f) Nos casos en que corresponda, xustificación de viuvez, solteiría, separación ou divorcio do pai ou da nai do/da solicitante, ou xustificante de orfandade absoluta do/da solicitante.

3. DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA ESPECÍFICA

A Universidade, de acordo co punto 7 da convocatoria, solicitará ás Administracións Tributarias os datos necesarios para determinar a renda familiar dos membros computables da familia do/da solicitante, polo que non haberá que aportar documentación económica agás nas situacións e casos que deseguido se enumeran:

- a) Se a solicitude de praza de aloxamento é formulada por persoas que formen parte de unidades familiares nas que as Administracións Tributarias non dispoñan de datos, será o/a propio/a solicitante quen deba aportar información fidedigna sobre a situación económica de renda da súa unidade familiar: Fotocopia do certificado anual de calquera tipo de ingresos percibidos no ano 2013 para a admisión e no ano 2014 para o cálculo das cotas (traballo, pensións, desemprego, rendementos do capital mobiliario, etc.) onde figuren as retencións do IRPF e as cotizacións á Seguridade Social dos membros computables que non fan a declaración da renda; certificado de vida laboral dos membros computables que non fan a declaración da renda, etc.
- b) Do mesmo modo, se existisen dificultades técnicas que impidan ou dificulten a cesión dos datos por parte das Administracións Tributarias, requirirase ao/á solicitante de praza de aloxamento a presentación do certificado resumo da declaración anual do imposto sobre a renda das persoas físicas ou o certificado de imputacións, de ser o caso, dos membros computables da súa familia.

- c) Nos casos no que o/a solicitante alegue a súa independencia familiar e económica, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar de forma fidedigna esta circunstancia, os medios económicos cos que conta deberán ser suficientes para permitir a súa independencia e para facer fronte os gastos da residencia e outros gastos considerados indispensables e deberá acreditar a titularidade ou aluguer do seu domicilio previo.
- d) Os/as estudantes estranxeiros/as que queiran que se lles teña en conta a puntuación económica para poder optar á asignación das cotas establecidas no grupo I desta convocatoria, ademais de entregar xunto coa solicitude a documentación necesaria para acreditar a súa circunstancia económica (ingresos de calquera tipo dos membros computables da unidade familiar, retencións, deducións, bolsas, etc.), referida ao exercicio do ano 2013 para a admisión e ao ano 2014 para o cálculo da cota, deberán reunir os seguintes requisitos:
- Se son nacionais dun Estado membro da Unión Europea: ter a condición de residentes permanentes ou acreditar ser traballadores por conta propia ou allea.
 - Se son estranxeiros non comunitarios: ser residentes segundo o disposto na normativa sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

De non cumprir estes requisitos aboarán o prezo correspondente á cota F e entregarán asinada, tamén no momento da solicitude, unha declaración xurada comprometéndose a aboar a dita cota. En calquera caso a moeda do país de orixe deberá vir convertida a euros.

- e) O estudantado que teña veciñanza administrativa no País Vasco deberá presentar os datos económicos correspondentes referidos ao ano 2013 para a admisión e ao ano 2014 para o cálculo da cota.
- f) Todos/as os/as residentes/colexiais que non queiran que se teña en conta a súa Renda Persoal Dispoñible para o reparto das cotas deben presentar unha declaración xurada comprometéndose a aboar durante o curso académico 2015-2016 a cota máxima (F), das recollidas no punto 2 desta convocatoria.

A ocultación ou falseamento dos datos declarados conlevará a perda da praza de aloxamento.

4. MEMBROS DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS DERIVADAS DUNHA CONDICIÓ DE DISCAPACIDADE

- a) Certificación oficial na que se acredite o seu grao de discapacidade, que deberá ser igual ou superior ao 33%.
- b) Aquelas persoas que precisen por mor da súa discapacidade adaptacións especiais deberán indicalas de xeito pormenorizado. A universidade poderá solicitar informe externo ao equipo de valoración e orientación (EVO) sobre ditas necesidades. Considerarase falseamento de datos non indicar as necesidades adaptativas imprescindibles para a súa vida cotiá no aloxamento universitario.

5. OUTRA DOCUMENTACIÓN

Todos/as os/as solicitantes poden presentar calquera outra documentación que consideren oportuna para que, de ser o caso, poida terse en conta na adxudicación das prazas.

10. ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS

Todas as listas e relacións ás que se refire este punto serán publicadas nos taboleiros de anuncios dos centros do SUR, no do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado e na páxina web <http://www.usc.es/sur/>.

As prazas serán adxudicadas exclusivamente aos/ás solicitantes con carácter, individual, persoal e intransferible, non está permitido ningún tipo de aloxamento familiar, nin a cesión a un terceiro distinto do solicitante. Calquera incumprimento ao respecto suporá a perda da condición de residente ou colexial.

1. Listas provisorias

Unha vez procesadas as solicitudes, o **17 de xullo** publicaranse as listas provisorias de solicitantes que teñen presentada completa a documentación requirida, nas que figurará a súa puntuación e a orde de preferencia dos centros que marcasen na súa solicitude, e as listas de excluídos/as, xunto coa causa que motiva a súa exclusión.

Os/as interesados/as dispoñen de prazo ata as **14 horas do día 28 de xullo** para entregar no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado (Pavillón Estudantil – Campus Vida) e na Vicexerencia do Campus de Lugo (Edificio Biblioteca Intercentros, Campus Universitario), a documentación requirida ou que estimen oportuna para completar as solicitudes.

2. Listas definitivas

O día **4 de agosto** publicaranse as listas definitivas de admitidos/as en cada centro, a lista de agarda e a relación de excluídos/as.

A admisión e asignación de centro farase por rigorosa orde de puntuación tendo en conta as preferencias indicadas nas solicitudes.

As persoas que estando na lista de agarda desexen seguir optando a unha praza no SUR teñen que confirmalo antes das **14 horas do día 10 de agosto**, para o que cubrirán o impreso dispoñible a tal efecto, nos Centros do SUR, no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado e na páxina web <http://www.usc.es/sur/>.

11. PAGAMENTO DA FIANZA PARA RESERVA DA PRAZA

A partir do día **4 de agosto** as persoas admitidas deberán entregar, ata as 14 horas do día **10 de agosto**, no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, Pavillón Estudantil, 1º andar, Campus Vida, Santiago de Compostela ou por calquera dos procedementos recollidos no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o xustificante de ter feito o ingreso de 150 euros en concepto de fianza de reserva de praza na conta da USC nº ES53 2080 0388 2831 1000 1172 de ABANCA, Oficina de Organismos, rúa Montero Ríos, 7, 15706-Santiago de Compostela.

O pagamento da fianza dunha praza do Grupo I supón a renuncia á praza solicitada no Grupo II e viceversa.

O devandito xustificante de ingreso poderá tamén ser enviado por correo electrónico (sur@usc.es) ou por Fax ao **número 881814559**, responsabilizándose a persoa que o envía de que sexa lexible no punto de destino, se non fora lexible quedará excluída.

O pagamento poderá facerse en ABANCA mediante os impresos normalizados dispoñibles no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado e na páxina web <http://www.usc.es/sur/> ou mediante transferencia bancaria en cuxo xustificante deberá figurar o nome do/a estudante e o Centro onde foi admitido.

Só a entrega deste xustificante servirá como confirmación da aceptación da praza por parte do/da solicitante, é polo tanto insuficiente o ingreso na entidade bancaria. No caso de non entregar o xustificante de pagamento da fianza entenderase que renuncia á praza concedida, non admitíndose ningún xustificante de pagamento nin reclamación fóra do prazo establecido.

A fianza de reserva de praza, unha vez iniciado o curso, pasará a constituír unha fianza para facer fronte a futuros impagos, demoras, desperfectos ou incumprimentos do período solicitado.

12. CAMBIO DE CENTRO

- Os/as que foron residentes/colexias no curso 2014-2015, se lles interesa cambiar de centro, deberán solicitalo no momento de facer a solicitude. A súa solicitude de cambio de centro será valorada conxuntamente coas solicitudes de nova admisión.

2. O alumnado de nova admisión interesado en pedir cambio de centro terá que solicitalo no momento da entrega do xustificante de ter feito o ingreso da fianza. Para isto cubrirán o impreso dispoñible a tal efecto, nos Centros do SUR, no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado e na páxina web <http://www.usc.es/sur/>.

13. MOVEMENTO DA LISTA DE AGARDA E CAMBIOS DE CENTRO

O día **17 de agosto**, unha vez rematado o prazo de confirmación por parte das persoas que están en lista de agarda de seguir optando a unha praza no SUR, procederase a facer o movemento da lista de agarda e, de ser o caso, os cambios de centro solicitados.

As persoas admitidas terán de prazo ata o día **21 de agosto** para facer efectivo o pagamento da fianza de reserva de praza, seguindo a tramitación recollida no punto 11.

De ser necesario facer novos movementos da lista de agarda estes serán realizados ata completar a adxudicación do número de prazas convocadas.

14. PAGAMENTO DO ALOXAMENTO

1. O aboamento do aloxamento deberá facerse a través de domiciliación bancaria ao número de conta que o interesado teña consignado na súa solicitude. A conta deberá estar aberta ao nome do solicitante.
2. A Comisión de Garantías, en supostos excepcionais e por causas debidamente acreditadas mediante o achegamento dos oportunos documentos, poderá establecer un sistema de pagamento distinto da domiciliación bancaria, de acordo co artigo 14 do Regulamento do SUR. Contra a decisión adoptada pola Comisión de Garantías non caberá reclamación.
3. A lista definitiva de cotas asignadas farase pública unha vez transcorrido o prazo de reclamación ás cotas adxudicadas previsto no apartado 4 do punto 2 desta convocatoria.
4. Os/as solicitantes deberán optar por unha das seguintes modalidades de pagamento no momento de formalizar a súa solicitude, en caso de non facelo entenderase que optan pola modalidade "c) Mensualmente":
 - a) Nun único pagamento:
 - A totalidade da cota adxudicada farase efectiva nos seis días naturais seguintes a publicación da resolución definitiva de cotas asignadas.
 - b) En dous prazos:
 - O 45% nos seis días seguintes a publicación da resolución definitiva de cotas asignadas.
 - O 55% no mes de xaneiro de 2016.
 - c) Mensualmente:
 - Dividirase a cota en 9 prazos, nos seis días seguintes a publicación da resolución definitiva de cotas asignadas faranse efectivos nun único recibo dous prazos. Os recibos correspondentes aos sete prazos restantes serán emitidos nos 6 primeiros días dos meses de novembro, decembro, xaneiro, febreiro, marzo, abril e maio.
5. Os/as residentes/colexiais que vexan modificada a súa cota como consecuencia de ser beneficiarios/as das bolsas de carácter xeral do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte co Compoñente de Residencia, no mes seguinte ao ingreso da axuda de residencia concedida polo Ministerio, deberán facer efectivo nun único recibo a diferenza entre o importe xa pagado en concepto de aloxamento e o importe do compoñente de residencia fixado polo Ministerio para a convocatoria das bolsas de carácter xeral do curso 2015-2016.

6. Os/as residentes/colexiais garantirán que a conta bancaria facilitada para a domiciliación teña os fondos suficientes para os pagamentos correspondentes. Os recibos que sexan devoltos deberán ser aboados polos residentes/colexiais mediante ingreso ou transferencia Bancaria na conta de USC nº ES53 2080 0388 2831 1000 1172. A devolución dos recibos de domiciliación terá como consecuencia, ademais do establecido no art. 9 do regulamento do SUR, a posibilidade de suspensión da prestación dos servizos.

15. DURACIÓN DA ESTADÍA

Os/as residentes/colexiais deberán ocupar a súa praza e aboar o importe correspondente ao aloxamento durante todo o curso académico 2015-2016. Deberán ocupar a súa praza dende a data prevista no calendario escolar do curso 2015-2016 para o inicio da impartición da docencia do primeiro semestre. Unha vez rematados os 9 meses de aloxamento desta convocatoria, os/as residentes/colexiais que desexen continuar no SUR deberán solicitalo e aboar o importe correspondente.

Os centros do SUR pecharán nos períodos en que non existan actividades docentes ou exames. A Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social resolverá o aloxamento dos/das residentes/colexiais que, previa xustificación, necesiten permanecer nel. No Campus de Santiago de Compostela facilitaráselle aloxamento nun dos centros que permanezan abertos. Aos/As residentes da Residencia Universitaria Jesús Bal y Gay do Campus de Lugo, facilitaráselle o aloxamento nun dos centros que permanezan abertos en Santiago de Compostela e pagaráselle os custos do desprazamento de ida e volta a Santiago.

16. DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

A Fianza de Reserva de Praza será devolta a aqueles/as solicitantes que presenten renuncia á praza adxudicada ata o 3 de setembro de 2015.

As renunciacións posteriores a esta data, unicamente terán dereito á devolución da fianza de reserva de praza en casos excepcionais e debidamente xustificadas cando así o acorde a Comisión de Garantías.

Os/as residentes e colexiais deberán solicitar a devolución da fianza aínda que volvan a solicitar praza para o curso seguinte. Devolveráselles mediante transferencia bancaria se pagan as mensualidades por este medio, e, excepcionalmente, mediante talón nominativo se non teñen o pago mensual domiciliado. Non terán dereito á devolución da fianza os/as residentes e colexiais que:

- Manteñan cantidades pendentes de pagamento en concepto de dereitos de aloxamento o día **30 de xuño de 2016**.
- Non ocupen a praza durante os 9 meses de aloxamento desta convocatoria, salvo autorización da Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social para ocupar a praza en períodos distintos dos inicialmente previstos.
- Non deixen o cuarto nas condicións en que lles foi entregado.
- Sexan reincidentes no atraso do pagamento das cotas sen causa xustificada.
- Renunciaren á praza adxudicada con posterioridade ao 3 de setembro de 2015.

17. OUTRAS DISPOSICIÓNS

1. A ocupación dunha praza no SUR implica a aceptación das normas que o rexen: as recollidas nesta convocatoria, o regulamento do SUR, o regulamento de réxime interno do centro, e as normas ditadas por cada dirección.
2. En calquera momento poderase solicitar a documentación complementaria que se considere necesaria para acreditar os datos requiridos nesta convocatoria. A ocultación e non presentación destes datos será motivo de perda da praza.

3. Cando as necesidades do servizo o requiran, poderá procederse á agrupación de cuartos dentro do mesmo centro.
4. Como norma xeral, non poderán renovar a praza, no propio colexio maior ou residencia universitaria, os membros do equipo de dirección a partir do momento en que deixen os seus cargos, salvo autorización por parte da Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social, pero poden, se cumpren os requisitos, optar ou renovar a praza noutro centro do SUR.
5. As prazas vacantes que se poidan producir ao longo do curso académico 2015-2016 nos diferentes Colexios Maiores ou Residencias Universitarias poderán ser cubertas con cambios de centros que quedasen pendentes de concesión por non existir prazas suficientes ou con novos/as solicitantes. Neste último caso os/as novos/as solicitantes unicamente poderán optar ás cotas D, E ou F cuxo importe será prorrateado en función da data de incorporación, e unicamente poderán ter dereito de readmisión se permanecen no SUR un mínimo de 5 meses dentro do período desta convocatoria.
6. No caso de existir vacantes ao longo do curso académico 2015-2016, que non poidan ser cubertas por todo o período restante desta convocatoria, poderán autorizarse solicitudes de aloxamento para períodos como mínimo dun mes. O prezo a abonar será o correspondente á cota F e non terán dereito de readmisión na seguinte convocatoria.
7. A Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social resolverá as dúbidas que poidan xurdir na aplicación da presente convocatoria a través do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, Pavillón Estudantil - Campus Vida.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.


Non obstante, e de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán, previamente, interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, tamén contado desde o día seguinte á súa publicación, perante este órgano.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2015

A VICERREITORA DE ESTUDANTES, CULTURA E RESPONSABILIDADE SOCIAL

(P.D., R.R. do 19 de xuño de 2014, DOG do 30 de xuño)

Por suplencia (R.R. do 27 de xaneiro de 2015)



Mª Carmen Segura Iglesias

Mª Carmen Segura Iglesias
Adxunta á vicerreitora para apoio a Residencias,
Cultura e Empregabilidade